



## **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO DÍA 22 DE XULLO DE 2008**

**Sres. asistentes:**

**SR. ALCALDE – PRESIDENTE.-**

DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS (PP)

**SRES. CONCELLEIROS PRESENTES.-**

DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)

DON ANTONIO BERNARDO LÓPEZ (PP)

DONA MARÍA ROSARIO MANSO LÓPEZ (PP)

DONA TANIA MARIA RUANOVA SUAREZ (PP)

DON FRANCISCO REY MALLO (PP)

DONA EVA MARIA VILARIÑO GONZÁLEZ (PP)

DON MANUEL MONTERO ANIDO (PSOE)

DONA EMMA GONZÁLEZ ÁLVAREZ (PSOE)

DONA ROSA MARIA MASEDA GONZÁLEZ (BNG)

DON JOSE MARIA LAYA CARRIL (TEGA)

**SRES. CONCELLEIROS AUSENTES.-**

DON JUAN MANUEL BECEIRO CABEZAL (PSOE)

DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ (ASI - MIÑO)

**SRA. SECRETARIA MUNICIPAL.-**

ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ.

**SR. INTERVENTOR MUNICIPAL**

FRANCISCO JAVIER ULLOA ARIAS

No Salón de plenos da Casa Consistorial de Miño ás dez horas e quince minutos do día 22 de xullo de 2008, reúnen-se as Sras. Concelleiras e os Sres. Concelleiros que se acaban de citar, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal segundo a seguinte orde do día:

De conformidade co establecido no artigo 79 do ROF, respecto as sesións extraordinaria e urxentes, procedese como primeiro punto da orde do día a ratificar urxencia da convocatoria polos concelleiros presentes, sendo a mesma ratificada por unanimidade dos mesmos ( 11 votos a favor do PP, PSOE, TEGA, BNG)

### **MODIFICACIÓN DE CRÉDITO ENTRE DISTINTOS GRUPOS DE FUNCIÓN PARA O PAGO DA COTA DE AGADER.**

Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.-

Ante a urxencia de incrementa-la partida de gasto que se relaciona na providencia de inicio do expediente, e visto o expediente tramitado de modificación de crédito por transferencia, cun importe de 6.000,00 €, dentro do vixente Orzamento desta Corporación do ano 2008.

Tendo en conta o disposto nos artigos 179 e 180 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, nos artigos 40 a 42 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, na Base 13ª das Bases de execución do orzamento e no informe de intervención.

Esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación, por razón de urxencia, a adopción do seguinte acordo:



1º.- Prestar aprobación ó expediente de modificación de crédito de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distinto grupo de función por importe de 5.800,00 euros, segundo o disposto na providencia de alcaldía que se une ó expediente. O detalle ó que se axustará a transferencia é o seguinte:

**Partida minorada**

PARTIDA	DENOMINACION	IMPORTE
442/22700	Recollida e tratamento do lixo. Limpeza e aseo	6.000,00

**Partida incrementada**

PARTIDA	DENOMINACION	IMPORTE
911/466.00	Cota FEGAMP AGADER	6.000,00

2º.- Que se expoña ó público durante o prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme o preceptuado no artigo 179 do Real decreto lexislativo 2/2004, con referencia ó artigo 169 do dito texto legal.

3º. No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004. Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1º do dito artigo.”

Sometida a proposta de acordo formulada pola alcaldía a votación obtense o seguinte resultado: 11 votos a favor do PP, PSOE BNG,e TEGA.

Queda aprobada a proposta de acordo da alcaldía, relativa á modificación de crédito entre distintos grupos de función para o pago da cota de AGADER, por unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo outros asuntos que tratar, o Sr. alcalde dá por finalizada a sesión, sendo as dez horas e vinte minutos, de todo o cal como secretaria dou fe.

O Alcalde - Presidente

A secretaria Municipal